

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2008/06
CARACTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 26 de xuño de 2008

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as dezanove horas e trinta minutos do día **26 de xuño de 2008** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que a continuación se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina.
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D.Jesús López Penabad

PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas.
D. Ramón López Pérez
Dona María José Rodríguez Arca

U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez
D.Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario Xeral:

D.Manuel J. Díaz Sánchez.

Interventora:

Dona Olalla Alvarez de Neyra Martínez.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

2008/01/45.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 19 DE MAIO E 11 DE XUÑO DE 2008.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias dos borradores das actas correspondentes ás sesións de datas 19 de maio e 11 de xuño de 2008, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2008/02/46- ACORDO DE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SUSTENTABILIDADE DE CONFORMIDADE COA ORDE DE 23 DE MAIO DE 2008 POLA QUE SE CREA A REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SUSTENTABILIDADE (DOG num. 107 de 4 de xuño de 2008).

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 23 de xuño de 2008 que se transcribe de seguido:

“Por parte do Sr.Alcalde se explica de xeito sucinto o obxecto do asunto e a súa proposta de que o Concello de Ribadeo forme parte da referida Rede Galega de Concellos pola sustentabilidade.

Obra no expediente Proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“1º. Acordo de de adhesión á Rede Galega de Concellos pola sustentabilidade adoptando os compromisos precisos de conformidade co artigo 2 da Orde a que se ten feito referencia e facultando á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados, debendo adoptarse os acordos correspondentes por maioría absoluta legal de conformidade co disposto no artigo 47.2 g) da Lei 7/1985.”

Por parte de Secretaría a petición da Alcaldía se procede a explicar aos membros da Comisión o contido da Orde reguladora e os obxectivos e composición prevista da referida Rede de sustentabilidade.

Durante a deliberación polo Sr.Rivas Alvarez de UPRI e outros Concelleiros doutros Grupos se sinala que o Concello xa se atopa adherido a Carta de Aalborg e que cumpre tamén cos criterios de adhesión á Rede

Sen promoverse mais deliberación, pola Comisión Informativa, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta de acordo presentada pola Alcaldía nos propios termos da mesma.”

Sen promoverse deliberación, por unanimidade, en votación ordinaria, reunindo a maioría absoluta legal, polo Pleno Municipal, de conformidade co disposto no artigo 2º. 4, acórdase:

1º. A adhesión á Rede Galega de Concellos pola sustentabilidade e a inscrición no seu Rexistro así como realizar unha declaración institucional do Alcalde a todos os cidadáns donde se amose o compromiso municipal de implantación de políticas municipais encamiñadas a acadar a sustentabilidade no Concello, así como das restantes actuacións a que se refire o artigo 2º da Orde de 23 de maio de 2008.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

2008/03/47.- APROBACIÓN DE CONVENIO MARCO DE COLABOURACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E ACISA PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE RIBADEO MEDIANTE A IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN CENTRO COMERCIAL ABERTO PARA O PERÍODO 2008-2010.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 23 de xuño de 2008 que se transcribe de seguido:

“Por parte da Alcaldía se explican sucintamente os antecedentes do convenio anterior con ACISA para o Centro Comercial Aberto así como que na Comisión Mixta se acordou facer un novo convenio marco e que o anterior non se chegou a executar, que non foi adiante, e que valoraron facer unha recuperación e comprometerse a consignar en presupostos sucesivos, e que enton se trae unha proposta á consideración do Pleno. Tamén pola Alcaldía se explica ós membros da Comisión o contido do Convenio marco 2008-2010.

O Sr. Rivas Alvarez pide que no convenio figure de xeito explícito o remate das rúas Reinante e San Francisco, no apartado terceiro. Pola Alcaldía aceptase o engadido expreso, e o resto dos Concelleiros manifestan o seu asentimento.

O Sr. López Perez do Grupo Municipal Socialista manifesta o seu criterio favorable ó Convenio proposto.

Toda vez que se indica pola Sra. Interventora da Corporación que o contido económico do convenio está condicionado á aprobación do presuposto de 2008 polo Sr. Alcalde se fai referencia expresa a que a viabilidade e execución do convenio será posible unha vez aprobado o presuposto.

O Sr. Rivas Alvarez, do Grupo de UPRI fai referencia a cuestión dos aparcamentos e pregunta se se fixo algún aparcamento co anterior convenio. Manifesta igualmente que se vai abster neste asunto reservándose para o Pleno.

Deliberase no seo da Comisión sobre os aparcamentos existentes e a situación de precario dalgun deles.

Por parte do Sr. Duarte Díaz do Grupo Popular se sinala que tamén o seu Grupo podería dicir que se rematase o enlace da rúa Calvo Sotelo coa praziña posterior ó Cine Teatro e coas melloras correspondentes pero non o propoñen agora pero pide que se faga cando chegue o momento de estudar as prioridades.

O Sr. Alcalde sinala os membros da Comisión que deben quedarse co xenérico do Convenio e que hai un mecanismo no mesmo para propoñer as actuacións correspondentes.

Rematada a deliberación por 6 votos a favor (dos membros presentes dos Grupos Municipais do BNG, PP e PSOE) e coa abstención do membro de UPRI dictaminase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal o Convenio_marco de colaboración entre o Concello de Ribadeo e ACISA para a dinamización comercial de Ribadeo mediante a implantación e desenvolvemento dun Centro Comercial Aberto para o período 2008-2010 ,tal como foi presentado pola Alcaldía e co engadido efectuado nesta Comisión.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Alcalde que manifesta que a proposta de Convenio é resultante do acordo da Comisión Mixta para reformular o Convenio anterior e que non se chegou a executar, que se fixo unha síntese de futuro e pasado e se integraron para chegar a un acordo, pero que é o Pleno a quen corresponde adoptar o acordo procedente.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que agradece que se incluíran os tramos pequenos da rúa Reinante e da rúa San Francisco que faltan por rematar; prosegue sinalando que respecto á acta da Comisión Mixta, chámalle a atención un párrafo en que se menciona o custo da páx. Web, de 18.000 euros e pregunta se lles custou iso e que considera que é abultada.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que non pode contestar sobre a cifra pero que a páx. Web do Concello que é modesta, pero que vai quedar ben, tampouco está tan por debaixo, e que facela boa, boa será mais aló desa cifra.

O Sr.Rivas Alvarez dí que entende que non e que - en relación a sí mesmo- ao mellor outros traballan masí barato, e prosegue sinalando que o Concello de Ribadeo vai aportar ao Convenio 54.000 euros e pasa a resumir as aportacións, sinalando que considera que o Convenio en sí debería ser máis ambicioso, e que é a tres anos e a curto ou medio prazo, e que se segue coa humanización, peonalización, semipeonalización, e con outras actuacións se están eliminando aparcadoiros e pon o exemplo de que ao mellor na rúa Calvo Sotelo, nese trazado se eliminan 80 prazas de aparcamento e requirense aparcadoiros e reitera que deberían ser máis ambiciosos e poñerse co obxectivo claro de crear un aparcadoiro en superficie ou soterrado, e por iso vanse abster xa que non están en contra dun Convenio cos comerciantes pero debería ser máis ambicioso, e considera que hai que fixar obxectivos concretos que non se pode poñer o carro antes dos bois.

O Sr.Alcalde contesta que pode facer o que estime convinte , pero que considera que se equivoca de obxectivo, que pode absterse, votar en contra ou a favor que llo agradecería, pero que cree que está fora de lugar no ámbito do convenio crear aparcamentos, con todo o respecto á ACISA, e que respecto ao que menciona o Sr.Rivas cree que é a única solución respecto ao que se pretende para os aparcadoiros a de aprobar o Plan, e ACISA ten pouco que ver niso e ten que ver que se poña de acordo a Corporación, e que a cuestión dos aparcadoiros soterrados terá que vir tamén aprobado nun PEPRI, independentemente de que se poida agora recorrer o acordo de Patrimonio e que o Convenio é moi importante no marco da actuación do C.C.A. e o Concello, son para beneficiar aos establecementos comerciais pero non se pode crer que un convenio do Centro Comercial Aberto poida resolver a cuestión dos aparcadoiros soterrados e confundirse, e que nembargantes parécelle correcto.

O Sr.Rivas Alvarez á súa vez sinala ao Sr.Alcalde que teñen que poñerse todos de acordo pero que o informe de Patrimonio foi dunha Consellería súa e veu en contra , e que van dicir os demais.

O Sr.Alcalde lle contesta que é unha Consellería, a de Cultura, de todos galegos, e por parte do Sr.Rivas Alvarez á súa vez se replica que é do mesmo Grupo Político que o Sr.Alcalde.

Intervén o Sr.López Pérez do Grupo Socialista que manifesta que xa anunciou na Comisión o voto a favor pero que quere que lle fagan unha serie de aclaracións a este borrador de Convenio por se se pode ter en conta, cando se reúna a Comisión Mixta.

A primeira que quere se faga é que se lle aclare sobre a representación no C.C.A. do membro do resto dos Grupos Políticos e como se elixiu ese membro, se foi o Alcalde ou o resto dos Grupos ou o Pleno.

O Sr.Alcalde contéstalle que foi o Pleno soberano.

De seguido polo Sr.López Pérez pregúntase sobre algúns compromisos do Concello no Convenio e en concreto, refírese á cuestión da mención á plataforma loxística de carga e descarga e fai referencia á Ordenanza de carga e descarga que non se está cumprindo, que se elaborou a raíz da peonalización cando o Sr.Alcalde era Concelleiro de obras e non se cumpre en canto a horarios, e pide que se lle explique isto, xa que existe unha Ordenanza e pregunta se esta cuestión é a maiores.

Prosegue o Sr.López Pérez manifestando que tamén se fala dun Plan de regulación do tráfico que saiu na prensa, e pregunta ao Alcalde en que vai consistir, se o sabe e os efectos de que tamén se teñan en conta os criterios da oposición.

Tamén o Sr. López Pérez pregunta sobre os compromisos de ACISA sobre o programa de formación que podería ser mais amplo, e manifesta que o Sr.Alcalde sabe que os programas de formación dos traballadores poden ser dentro da xornada laboral, ou fora, remunerados, voluntarios, etc., e non vaian a forzar que os traballadores teñan que asistir para beneficio dos empresarios a unhas programas de formación, que haberá que saber nesa Comisión Mixta en que horario, porque a lexislación laboral o recolle e hai que saber se van ser remunerados, como son en moitas empresas, e se imagina que no Concello e os empregados terán formación, e será remunerada ou non en horario de traballo ou non , etc. e pide que todo eso se aclare.

Asimesmo pregúntase respecto ao contemplado no punto 5º e se a Interventora ten que dicir algo sobre a cuestión, procedendo a ler o referido apartado 5º sobre as exencións e bonificacións fiscais e se refire á Lei de Facendas Locais e considera que non pode haber exencións e ven recollido no Convenio e pregunta se pode ou non executarse, e que lle gustaría que se aclare esta cuestión.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que non hai intención de facer nada contra a lei e que todo o que se faga, e as sugerencias, non hai problemas en trasladalas á Comisión Mixta, e que se pode ter en conta, que na cuestión da legalidade entende que é un criterio xenérico, e que se trata dalgún tipo de medidas que dinamicen o sector, e que o Convenio é un marco xenérico, e terá que estar avaliado e xurídicamente asesorado para a súa concreción, e en principio non cre que se lles poida baixar por exemplo o IBI aos comerciantes, pero poden establecerse medidas dinamizadoras.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que en relación á plataforma loxística, cree que xa estaba no anterior Convenio, e que se ten efectuado unha votación a favor no Congreso, que se refire a unha parcela de FEVE á beira do polígono e que en síntese con este Convenio é unha filosofía xenérica de colabouración co Centro Comercial Aberto e que son mais de 50.000 euros de aportación municipal , e que tamén ACISA efectúa unha aportación, pero que iso non sería nada para infraestructuras, e se poden facer actuacións formativas ou outras, como a mellora de escaparates e dese tipo.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular manifestase que van votar a favor e cren que so traelo ao Pleno xa é un paso importante e que ten que lembrar que o Centro Comercial Aberto naceu co seu goberno (do Sr.Rodríguez Andina) e que cree que é a primeira vez que concreta pagos a ACISA pero ata a sesión da Comisión Mixta nacer, nacera, e estaba pero non se sabía; estar estaba, pero non se sabe como, e aquí xa é en concreto.

Prosegue sinalando que en canto ao Convenio é practicamente o mesmo pero recupera, revisa e arranxa o mal feito e permite, polo tanto, amañar o dos 36.000 euros, porque se fixeron mal as cousas e para ser serios agora coa outra parte, con ACISA, e que haberá que ir priorizando e van votar a favor e despois que funcione con naturalidade, e que respecto ao que trae o Convenio e ao que ven ahí no texto, como xa se dicía na Comisión, pódese poñer outra rúa e outra e outra, beirarrúas, etc. e facer en vez de 4 folios, 40, pero iso será o desenvolvemento ano a ano do Convenio Marco e o que haberá é que ir priorizando e que irá á Comisión correspondente e terá que vira o Pleno para a súa aprobación e ahí será donde se metan mais beirarrúas ou outras obras, e que é un Convenio marco e que haberá que ir priorizando e van votar a favor e despois que se firme con naturalidade.

Sometido a votación, polo Pleno municipal, por once votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG,PP e PSG-PSOE) e con dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal de UPRI), acórdase:

1º. A aprobación polo Pleno Municipal do Convenio Marco de colaboración entre o Concello de Ribadeo e ACISA para a dinamización comercial de Ribadeo mediante a implantación e desenvolvemento dun Centro Comercial Aberto para o período 2008-2010, tal como foi presentado pola Alcaldía e co engadido efectuado na Comisión Informativa.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

Sendo as dezanove horas e cincuenta minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr.Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,